



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das principais rúas do Campus Sur da Universidade de Santiago, en atención á súa situación e lonxitude, é a que no seu día se lle dedicou a quen fora Reitor da institución universitaria, Xosé María Suárez Núñez.

Trátase dunha rúa duns 800 metros de lonxitude que discorre entre a encrucillada das avenidas de Vigo e de Nóvoa Santos, preto o observatorio astronómico, ata a estrada de San Lourenzo. Á súa beira érguense edificios académicos e distintas instalacións (mesmo unha hospedaría) que fan necesaria unha correcta sinalización para orientar e dirixir ás persoas, tal e como este Grupo ten constatado na realidade e a través de distintas suxestións ao este respecto.

O certo é que a citada rúa apenas conta hoxe cunha placa identificativa no seu inicio desde a estrada de San Lourenzo o que complica a súa localización, de forma especial, desde o seu outro extremo, na zona central do Campus Sur.

Tendo en conta esta realidade, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte ROGO:

Que o Goberno local faga as xestións necesarias para dotar da necesaria identificación á rúa dedicada a Xosé María Suárez Núñez, no Campus Sur universitario, ao longo do seu itinerario desde a encrucillada das avenidas de Vigo e de Santos Nóvoa e o entronque coa estrada de San Lourenzo.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2016.

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela